

# SCARFACE

[Brian de Palma, 1983]

# 141

ESTREA EN NUMAX: 12.08.2016 | V.O.S.E. | +16

## FICHA TÉCNICA

Scarface (1983, 169')

**Dirección:** Brian de Palma

**Guión:** Oliver Stone

**Reparto:** Al Pacino, Steven Bauer, Michelle Pfeiffer, Mary Elizabeth Mastrantonio, Robert Loggia, Miriam Colon, F. Murray Abraham, Paul Shenar, Harris Yulin

**Montaxe:** Gerald B. Greenberg, David Ray

**Son:** Jay Dranch

**Dirección de arte:** Edward Richardson

**Vestuario:** Patricia Norris

**Música:** Giorgio Moroder

**Fotografía:** John A. Alonzo

**Produtora:** Universal Pictures (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Classic Films

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Passion*, 2012

*Redacted*, 2007

*Atrapado por su pasado*, 1993

*Los intocables de Elliot Ness*, 1987

*Impacto*, 1981

*Vestida para matar*, 1980

*Carrie*, 1976

## PREMIOS

Globos de Ouro 1983,

3 nominacións: música, actor

principal —Al Pacino— e actor

secundario —Steven Bauer—

## SINOPSE

Tony Montana é un emigrante cubano frío e implacábel que se instala en Miami co propósito de se converter nun gángster importante e poder así gañar diñeiro e posición. Coa colaboración do seu amigo Manny Rivera inicia unha fulgurante carreira delituosa, como traficante de cocaína, co obxectivo de acceder á cúpula dunha organización de narcos.

«*Scarface* é o filme máis elegante e provocativo sobre o inframundo norteamericano desde *El Padrino* de Francis Ford Coppola»

Vincent Canby. THE NEW YORK TIMES



# SCARFACE

[Brian de Palma, 1983]

## Auxe e a caída dun gángster

Por Roger Ebert

*Scarface* colle o título do filme de Howard Hawks de 1932 inspirado na carreira de Al Capone. Se o de Hawks foi o filme de gangsters máis violento do seu tempo, a obra de Brian de Palma, de 1983 xerou tamén gran controversia pola súa violencia, mais en ambos casos a violencia agroma das vidas dos personaxes, non se emprega como simple reclamo senón como unha sorte de desgarradora lección sobre a autodestrución. Ambos filmes falan do auxe e a caída dun gángster e botan man da obsesión neurótica do heroe e a súa irmá, mais a *Scarface* de De Palma non é un remake e débelle máis a *El padrino* que ao filme de Hawks. Para Tony Montana as escollas semellan sinxelas desde o comezo. Pode traballar duro, ser honesto e ter un soldo cativo como fregapratos. Ou pode traballar para o crime organizado ser máis ambicioso cós seus competidores, conseguir un bo coche e mulleres fermosas. E decidiu non fregar prato ningún.

Cando Montana constrúe o seu camiño no mercado ilegal da droga do sur de Florida o filme obsérvao cunha distancia case antropolóxica. Non se trata dun deses filmes nos que os personaxes din e fan exactamente o que se agarda deles. De Palma e o seu guionista, Oliver Stone, crearon unha galería de individuos específicos e unha das cousas máis fascinantes é que non se trata dun filme de criminais prototípicos senón de persoas que se convarten en criminais.

Montana gaña todo e perde todo. Iso é predecíbel. O que é orixinal neste filme é o pouco que Montana goza do que ten. Dúas escenas son realmente patéticas nese sentido: nunha delas séntase nun nightclub cunha loira misteriosa e está tan colocado de cocaína que as únicas emocións que é quen de sentir son impaciencia e aburrimiento. Na outra afunde a face nunha morea de cocaína e inhálala até case afogar.

*Scarface* comprende esta personalidade criminal, co seu vínculo entre a preguiza e a crueldade, a grandeza e a falla de autoestima. É tamén unha emocionante peza de cinema criminal, na tradición do filme de 1932. E, como na saga de *El padrino*, conta cunha marabillosa galería de personaxes secundarios: Steven Bauer como secuaz,

Michelle Pfeiffer como muller cuxa drogadición a leva dun amante a outro, Robert Loggia como xefe da mafia e Mary Elizabeth Mastrantonio, como irmá de Pacino que busca no dereito á autodestrución un mecanismo de escolla persoal. Estas son as persoas que Tony Montana merece ter na súa vida e *Scarface* é o fermoso retrato da súa ruína.

Publicado en [www.rogerebert.com/](http://www.rogerebert.com/)

\* \* \*

## “Non houbo cortes na versión final de Scarface”

Entrevista a Brian de Palma

Por Simon Abrans

**Varios dos teus filmes clave tiveron que loitar con uñas e dentes contra a censura. Pódesnos falar sobre o contido dos encontros que tiveches cos censores en Scarface?** Ti envías un filme á axencia de calificación e eles dinche que tes un X. Daquela tentas afondar nas escenas que os puideron amolar por seren moi excesivas, pois non ten sentido incluír material que eles poidan deixar fóra de maneira doada. Mais en *Scarface* aconteceu algo único. Corteina unha vez, enviíllela, e déronme un novo X. Corteina unha segunda vez, enviíllela e levei un novo X. Fixen un terceiro corte e levei outro X. Xa tiña loitado arreo coa oficina de calificación en *Saludos* (1968) que foi estreado cun X. Pero con *Scarface* aínda houbo máis. Cando a enviei por terceira vez dixéronme algo sobre a escena na que unha bala impacta nun pallaso. Non hai, por suposto, nada de sangue nesa escena. Só se ve o po entrando nel. Por tanto dixen, «xa abonda, non vou cortar nada máis». O estudio anoxouse comigo. Ninguén estaba de acordo comigo mais eu dixen «non o vou cambiar, tedes que mover o filme tal cal está».

Nese momento fixen unha loucura, pensei que se me ían dar un X igualmente o mellor era volver á primeira versión. Reconstruí o filme de novo. Así que a controversia que hai sobre que escenas foron cortadas de *Scarface* non ten fundamento pois nada se cortou na versión final do filme. Todo volveu ao seu sitio.

Publicado en [www.esquire.com/](http://www.esquire.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME